Non existen compromisos de desmantelamento, retirada ou rehabilitación para os seus bens de activo. Por iso non se contabilizaron nos activos valores para a cobertura de tales obrigas de futuro.

A amortización dos elementos do inmovilizado material realízase, desde o momento en que están dispoñíbeis para a súa posta en funcionamento, en función da súa vida útil estimada.

Investimentos inmobiliarios

Clasifícanse como investimentos inmobiliarios aqueles activos non correntes que sexan inmóbeis e que posúa para obter rendas, plusvalías ou ambas, en lugar de para o seu uso na produción ou subministración de bens ou servizos, ou ben para fins administrativos, ou a súa venda no curso ordinario das operacións.

Para a valoración dos investimentos inmobiliarios utilizaranse os criterios do inmovilizado material para os terreos e construcións, sendo os seguintes:

1. Os soares sen edificar valóranse polo seu prezo de adquisición máis os gastos de acondicionamento, como pechamentos, movemento de terras, obras de saneamento e drenaxe, os de derrubamento de construcións cando sexa necesario para poder efectuar obras de nova planta, os gastos de inspección e levantamento de planos cando se efectúan con carácter previo á súa adquisición, así como a estimación inicial do valor actual das obrigas presentes derivadas dos custos de rehabilitación do solar.
2. As construcións valóranse polo seu prezo de adquisición ou custo de produción incluídas aquelas instalacións e elementos que teñen carácter de permanencia, polas taxas inherentes á construción e os honorarios facultativos de proxecto e dirección de obra.

Arrendamentos

Os arrendamentos clasifícanse como arrendamentos financeiros sempre que das condicións dos mesmos se deduza que se transfíren ao arrendatario substancialmente os riscos e beneficios inherentes á propiedade do activo obxecto do contrato. Os demais arrendamentos clasifícanse como arrendamentos operativos.

A normativa vixente establece que o custo dos bens arrendados se contabilizará no balance de situación segundo a natureza do ben obxecto do contrato e, simultaneamente, un pasivo polo mesmo importe. Este importe será o menor entre o valor razoábel do ben arrendado e o valor actual ao inicio do arrendamento das cantidades mínimas acordadas, incluída a opción de compra, cando non existan dúbidas razoábeis sobre o seu exercicio. Non se incluírán no seu cálculo as cotas de carácter continxente, o custo dos servizos e os impostos repercutíbeis polo arrendador.

Os activos rexistrados por este tipo de operacións amortízanse con criterios semellantes aos aplicados ao conxunto dos activos materiais, atendendo á súa natureza.

Os contratos de arrendamento financeiro incorpóranse directamente como activo da Sociedade e faise figurar no pasivo a débeda existente co acredor. Os xuros incorpóranse directamente como gastos a medida que se van liquidando as cotas correspondentes.

Nas operacións de arrendamento operativo, a propiedade do ben arrendado e substancialmente todos os riscos e vantaxes que recaen sobre o ben, permanecen no arrendador.

Cando a Sociedade actúa como arrendatario, os gastos do arrendamento cárganse linealmente á conta de perdas e ganancias en función dos acordos e da vida do contrato.

Para aqueles inmovilizados arrendados ás sociedades do Grupo

Os activos adquiridos mediante arrendamento financeiro rexístranse de acordo coa súa natureza, polo menor entre o valor razoábel do activo e o valor actual no inicio do arrendamento dos pagamentos mínimos acordados, contabilizándose un pasivo financeiro polo mesmo importe. Os pagamentos polo arrendamento distribúense entre os gastos financeiros e a redución do pasivo. Aos activos aplícanse os mesmos criterios de amortización, deterioración e baixa que ao resto de activos da súa natureza. Os pagamentos por arrendamentos operativos rexístranse como gastos na conta de perdas e ganancias cando devindican.

Naqueles inmovilizados que as sociedades do Grupo arrendan a terceiros

Os ingresos derivados dos arrendamentos operativos rexístranse na conta de perdas e ganancias cando devindican. Os custos directos imputábeis ao contrato inclúense como maior

valor do activo arrendado e recoñécense como gasto durante o prazo do contrato, aplicando o mesmo criterio utilizado para o recoñecemento dos ingresos do arrendamento.

Permutas

Nas permutas de carácter comercial, valórase o inmovilizado material recibido polo valor razoábel do activo entregado máis as contrapartidas monetarias que se entregaron a cambio, agás se se ten unha evidencia máis clara do valor razoábel do activo recibido e co límite deste último. Considerarase unha permuta de carácter comercial cando:

1. O risco, calendario e importe dos fluxos de efectivo do inmovilizado recibido difire da configuración dos fluxos de efectivo do activo entregado; ou
2. O valor actual dos fluxos de efectivo despois de impostos das actividades da Sociedade afectadas pola permuta vese modificado como consecuencia da permuta.

Cando a permuta non teña carácter comercial ou cando non poida obterse unha estimación fiable do valor razoábel dos elementos que interveñen na operación, o inmovilizado material recibido valórase polo valor contábel do ben entregado máis, no seu caso, as contrapartidas monetarias que se entregaran a cambio, co límite, cando estea dispoñible, do valor razoábel do inmovilizado recibido se este fose menor.

Instrumentos financeiros

O Grupo ten rexistrados no capítulo de instrumentos financeiros aqueles contratos que dan lugar a un activo financeiro nunha empresa e, simultaneamente, a un pasivo financeiro ou a un instrumento de patrimonio noutra empresa. Considéranse, polo tanto, instrumentos financeiros os seguintes:

1. Activos financeiros
 - a. Efectivo e outros activos líquidos equivalentes.
 - b. Créditos por operacións comerciais: clientes e debedores varios.
 - c. Créditos a terceiros: tales como os préstamos e créditos financeiros concedidos, incluídos os xurdidos da venda de activos non correntes.
 - d. Valores representativos de débeda doutras empresas adquiridas: como as obrigas, bonos e notas promisorias.
 - e. Instrumentos de patrimonio doutras empresas adquiridos: accións, participacións en institucións de investimento colectivo e outros instrumentos de patrimonio.
 - f. Derivados con valoración favorábel para a empresa: entre eles, futuros, opcións, permutas financeiras e compravenda de moeda estranxeira a prazo, e
 - g. Outros activos financeiros: como depósitos en entidades de crédito, anticipos e créditos ao persoal, fianzas e depósitos constituídos, dividendos a cobrar e desembolsos esixidos sobre instrumentos de patrimonio propio.

2. Pasivos financeiros

- a. Débitos por operacións comerciais: provedores e acredores varios.
- b. Débedas con entidades de crédito.
- c. Obrigas e outros valores negociábeis emitidos: como bonos e notas promisorias.
- d. Derivados con valoración desfavorábel para a empresa: entre eles, futuros, opcións, permutas financeiras e compravenda de moeda estranxeira a prazo.
- e. Débedas con características especiais, e
- f. Outros pasivos financeiros: débedas con terceiros, préstamos e créditos financeiros recibidos de persoas ou empresas que non sexan entidades de crédito.

Investimentos financeiros a longo prazo

Préstamos e contas por cobrar

Rexístranse ao seu custo amortizado, correspondendo ao efectivo entregado, menos as devolucións do principal efectuadas, máis os xuros devindicados non cobrados no caso dos préstamos, e ao valor actual da contraprestación realizada no caso das contas por cobrar. Rexístranse as correspondentes provisiones pola diferenza existente entre o importe a recuperar das contas por cobrar e o valor en libros polo que se atopan rexistradas.

Investimentos mantidos até o seu vencemento

Aqueles valores representativos de débeda, cunha data de vencemento fixada, cobramentos de contía determinada ou determinábel, que se negocien nun mercado activo e que o Grupo ten intención e capacidade de conservar até o seu vencemento. Contabilízanse ao seu custo amortizado.

Activos financeiros rexistrados a valor razoábel con cambios en resultados

Clasifícanse os activos e pasivos financeiros a valor razoábel con cambios na conta de perdas e ganancias no momento do seu recoñecemento inicial só se con iso se elimina ou reduce significativamente a non correlación contábel entre activos e pasivos financeiros ou o rendemento dun grupo de activos financeiros, pasivos financeiros ou de ambos, xestiónase e avalíase segundo o criterio de valor razoábel, de acordo coa estratexia documentada de investimento ou de xestión do risco da Sociedade.

Tamén se clasifican nesta categoría os activos e pasivos financeiros con derivados implícitos, que son tratados como instrumentos financeiros híbridos, ben porque foron designados como tales pola Sociedade ou debido a que non se pode valorar o compoñente do derivado con fiabilidade na data de adquisición ou nunha data posterior.

Os activos e pasivos financeiros a valor razoábel con cambios na conta de perdas e ganancias valóranse seguindo os criterios establecidos para os activos e pasivos financeiro mantidos para negociar.

O Grupo non reclasifica ningún activo ou pasivo financeiro de ou a esta categoría ,entres estea recoñecido no balance de situación, agás cando proceda cualificar o activo como investimento en empresas do grupo, asociadas ou multigrupo.

Investimentos dispoñíbeis para a venda

Son o resto de investimentos que non entran dentro das catro categorías anteriores, vindo a corresponder case na súa totalidade a investimentos financeiros en capital, cun investimento inferior ao 20 % do capital social da sociedade receptora do investimento. Estes investimentos figuran no balance de situación adxunto polo seu valor razoábel cando é posíbel determinalo de xeito fiábel. No caso de participacións en sociedades non cotizadas, valóranse polo seu custo de adquisición ou por un importe inferior se existe evidencia da súa deterioración, considerando as posíbeis plusvalías tácitas existentes.

Efectivo e outros medios líquidos equivalentes

Baixo esta epígrafe do balance de situación adxunto rexístrase o efectivo en caixa e bancos, depósitos á vista e outros investimentos a curto prazo de alta liquidez que son rapidamente realizábeis en caixa e que non teñen risco de cambios no seu valor.

Pasivos financeiros

Préstamos, obrigas e semellantes

Rexístranse inicialmente polo importe recibido, neto de custos incorridos na transacción. Os gastos financeiros, incluídas as primas pagadoiras na liquidación ou o reembolso e os custos de transacción, contabilízanse na conta de perdas e ganancias segundo o criterio da devindicación utilizando o método do xuro efectivo. O importe devindicado e non liquidado engádese ao importe en libros do instrumento na medida en que non se liquidan no período en que se producen.

Contas a pagar

Rexístranse inicialmente ao seu custo de mercado e posteriormente son valoradas ao custo amortizado utilizando o método da taxa de xuro efectivo.

Instrumentos financeiros derivados e contabilización de coberturas

Ao peche do exercicio valoraranse os contratos de instrumentos financeiros derivados ou contratos de cobertura en vigor en función do seu valor razoábel.

Instrumentos financeiros compostos

O Grupo non operou con instrumentos financeiros compostos no presente exercicio.

Coberturas contábeis

Nas coberturas do valor razoábel, os cambios de valor do instrumento de cobertura e da partida cuberta atribuíbeis ao risco cuberto recoñeceranse na conta de perdas e ganancias.

A parte da ganancia ou a perda do instrumento de cobertura dos fluxos de efectivo recoñecerase transitoriamente no patrimonio neto, imputándose á conta de perdas e ganancias no exercicio ou exercicios nos que a operación cuberta prevista afecte o resultado agás que a cobertura corresponda a unha transacción prevista que remate no recoñecemento dun activo ou pasivo non financeiro, en cuxo caso os importes rexistrados no patrimonio neto se inclúen no custo do activo ou pasivo cando é adquirido ou asumido.

As operacións de cobertura de investimentos netos en negocios no estranxeiro en sociedades dependentes, multigrupo e asociadas trátanse como coberturas de valor razoábel polo compoñente de tipo de xuro.

Existencias

Valóranse ao prezo de adquisición ou custo de produción. O prezo de adquisición é o importe facturado polo proveedor, deducidos os descontos e os xuros incorporados ao nominal dos débitos máis os gastos adicionais para que as existencias se atopen situadas para a súa venda: transportes, aranceis, seguros e outros atribuíbeis á adquisición.

En canto ao custo de produción, as existencias valóranse valoran engadindo o custo de adquisición das materias primas e outras materias consumíbeis, os custos directamente imputábeis ao produto e a parte que razoabelmente corresponde cos custos indirectamente imputábeis aos produtos.

Os impostos indirectos que gravan as existencias só se incorporan ao prezo de adquisición ou custo de produción cando non son recuperábeis directamente da Facenda Pública.

En canto ás existencias que precisen un período superior ao ano para seren vendidas, incorporaranse os gastos financeiros nos termos previstos na norma sobre inmovilizado material. Os anticipos a provedores a conta de subministracións futuras de existencias valóranse polo seu custo.

A valoración dos produtos obsoletos, defectuosos ou de lento movemento redúcese ao seu posíbel valor de realización.

Cando o valor neto realizábel das existencias é inferior ao seu prezo de adquisición ou ao seu custo de produción, efectúanse as oportunas correccións valorativas recoñecéndolas como un gasto na conta de perdas e ganancias.

Se deixan de existir as circunstancias que causaron a corrección do valor das existencias, o importe da corrección é obxecto de reversión, recoñecéndoo como un ingreso na conta de perdas e ganancias.

Transaccións en moeda estranxeira

As operacións realizadas en moeda estranxeira rexistraranse inicialmente na moeda funcional da Sociedade (euros) aos tipos de cambio vixentes no momento de realizar a operación. Durante o exercicio, as diferenzas que se producen entre o tipo de cambio contabilizado e o que se atopa en vigor á data de cobramento ou de pagamento rexistraranse como resultados financeiros na conta de resultados.

Do mesmo xeito, a 31 de decembro de cada ano, realizarase ao tipo de cambio de peche a conversión dos saldos para cobrar ou pagar con orixe en moeda estranxeira. As diferenzas de valoración producidas rexistraranse como resultados financeiros na conta de resultados.

Imposto sobre beneficios

O imposto sobre beneficios incluírá o imposto corrente e o imposto diferido.

O imposto corrente será a cantidade para pagar ou recuperar como consecuencia das liquidacións fiscais do imposto sobre o beneficio do exercicio, calculados segundo o tipo impositivo vixente na data de peche.

O imposto diferido xerárase polas diferenzas temporais existentes entre as valoracións contábeis e fiscais de activos e pasivos.

O gasto por imposto corrente determínase mediante a suma do gasto por imposto corrente e o imposto diferido. O gasto por imposto corrente determínase aplicando o tipo de gravame vixente á ganancia fiscal, e minorando o resultado así obtido no importe das bonificacións e deducións xerais e aplicadas no exercicio.

Ingresos e gastos

Os ingresos e gastos impútanse en función do criterio da devindicación con independencia do momento en que se produce a corrente monetaria ou financeira derivada deles.

Porén, unicamente se contabilizan os beneficios realizados á data de peche do exercicio, en tanto que os riscos e as perdas previsíbeis, aínda sendo eventuais, se contabilizan en canto son coñecidos.

Os ingresos pola venda de bens ou servizos recoñécense polo valor razoábel da contrapartida recibida ou a recibir derivada dos mesmos. Os descontos por pronto pagamento, por volume ou outro tipo de descontos, así como os xuros incorporados ao nominal dos créditos, rexístranse como unha minoración dos mesmos. Porén, a Sociedade inclúe os xuros incorporados aos créditos comerciais con vencemento non superior a un ano que non teñen un tipo de xuro contractual, cando o efecto de non actualizar os fluxos de efectivo non é significativo.

Os descontos concedidos a clientes recoñécense no momento en que é probábel que se van cumprir as condicións que determinan a súa concesión como unha redución dos ingresos por vendas.

Os anticipos a conta de vendas futuras figuran valorados polo valor recibido.

Provisións e continxencias

As obrigas existentes á data do balance de situación xurdidas como consecuencia de sucesos pasados dos que poden derivarse prexuízos patrimoniais para o Grupo cuxo importe e momento de cancelación son indeterminados rexístranse no balance de situación como provisións polo valor actual do importe máis probábel que se estima que se terá que desembolsar para cancelar a obriga.

Elementos patrimoniais de tipo ambiental

Os custos incorridos, no seu caso, en sistemas, equipos e instalacións cuxo fin sexa a minimización do impacto ambiental no desenvolvemento da actividade, e/ou a protección e mellora do ambiente rexístranse como investimentos en inmovilizado.

O resto de gastos relacionados co medio ambiente, distintos dos anteriores, considéranse gastos do exercicio. Para o cálculo de posíbeis provisións ambientais que puidesen xurdir dótase de acordo coa mellor estimación da súa devindicación no momento en que se coñezan, e no suposto de que as pólizas de seguro non cubran os danos causados.

Os administradores confirman que as sociedades do Grupo non teñen responsabilidades, gastos, activos, nin provisións e continxencias de natureza ambiental que puidesen ser significativos en relación co patrimonio, a situación financeira e os resultados do mesmo.

Rexistro e valoración dos gastos de persoal

O Grupo non tiña, a data de peche, obrigas por retribucións co seu persoal a longo prazo.

Pagamentos baseados en instrumentos de patrimonio

Non se realizaron no presente exercicio pagamentos baseados en instrumentos de patrimonio.

Subvencións, doazóns e legados

As subvencións de capital non reintegrábeis valoraranse polo importe concedido, recoñecéndose inicialmente como ingresos directamente imputados ao patrimonio neto e impútanse a resultados en proporción á depreciación experimentada durante o período polos activos financiados polas devanditas subvencións, agás se se trata de activos non depreciábeis, en cuxo caso se imputarán ao resultado do exercicio en que se produza o alleamento ou baixa en inventario dos mesmos.

Mentres teñen o carácter de subvencións reintegrábeis contabilízanse como débedas a longo prazo transformábeis en subvencións. Cando as subvencións se concedan para financiar gastos específicos imputaranse como ingresos no exercicio en que devindiquen os gastos que están a financiar.

Combinacións de negocios

As operacións de combinacións de negocio contabilizaranse, en caso de producirse, atendendo á normativa contábel e mercantil vixente para cada tipo de combinación. En concreto, determinarase de forma clara:

1. As sociedades intervenientes na operación
2. A data de aprobación do proxecto relativo á operación
3. A data de adquisición da operación
4. A data de efectos contábeis da operación
5. A correcta valoración dos activos adquiridos e os pasivos asumidos
6. A correcta determinación do Custo da Combinación de Negocios
7. Outros condicionantes que sexan de relevancia na operación.

Negocios conxuntos

Non se participa en negocios conxuntos de interese significativo.

Criterios empregados en transaccións entre partes vinculadas

As operacións entre empresas do mesmo grupo, con independencia do grao de vinculación, contabilízanse de acordo coas normas xerais. Os elementos obxecto das transaccións que se realicen contabilizaranse no momento inicial polo seu valor razoábel. A valoración posterior realízase de acordo co previsto nas normas particulares para as contas que corresponda.

Esta norma de valoración afecta as partes vinculadas que se explicitan na Norma de rexistro e valoración 13ª do Plan Xeral de Contabilidade. Neste sentido:

1. Entenderase que unha empresa forma parte do grupo cando ambas estean vinculadas por unha relación de control, directa ou indirecta, análoga á prevista no artigo 42 do

Código de Comercio, ou cando as empresas estean controladas por calquera medio por unha ou varias persoas xurídicas que actúen conxuntamente ou se atopen baixo dirección única por acordos ou cláusulas estatutarias.

2. Entenderase que unha empresa é asociada cando, sen que se trate dunha empresa do grupo no sentido sinalado, a empresa ou as persoas físicas dominantes exerzan sobre esa empresa asociada unha influencia significativa, tal como se desenvolve detidamente na citada Norma de rexistro e valoración 13ª.

Unha parte considérase vinculada a outra cando unha delas exerce ou ten a posibilidade de exercer directa ou indirectamente ou en virtude de pactos ou acordos entre accionistas ou partícipes, o control sobre outra ou unha influencia significativa na toma de decisións financeiras e de explotación da outra, tal como se detalla detidamente na Norma de rexistro e valoración 15ª.

Tal e como se comentou anteriormente, as operacións entre sociedades do grupo elimináronse dentro do proceso de consolidación.

Activos non correntes mantidos para a súa venda

Rexístranse nesta sección aqueles activos nos que o seu valor contábel se recuperará fundamentalmente a través da súa venda, e sempre que cumpran os seguintes requisitos:

1. O activo debe estar dispoñíbel nas súas condicións actuais para a súa venda inmediata, e a súa venda debe ser altamente probábel, xa sexa porque se teñan un plan para vender o activo e se iniciase un programa para atopar comprador, que a venda do activo debe negociarse a un prezo axeitado en relación co seu valor razoábel actual e que se agarda completar a venda dentro do ano seguinte. É improbable que haxa cambios significativos no mesmo ou que vaia ser retirado.
2. Valóranse no momento da súa clasificación nesta categoría, polo menor entre o seu valor, o seu valor contábel e o seu valor razoábel menos os custos de venda.

Operacións interrompidas

Non se produciron operacións interrompidas no presente exercicio.

Criterios de revalorización de inmovilizado

Non se produciron operacións de revalorización de elementos do inmovilizado no presente exercicio.

Combinacións de negocios

Non se realizaron operacións de fusión ou escisión durante o exercicio.

Fondo de comercio de consolidación

O detalle do movemento da partida de Fondo de Comercio de Consolidación é o seguinte:

Concepto	Saldo a 01-01-20	Aumentos	Amortización	Saldo a 31-12-20
Fondo de Comercio de Consolidación	48.430,00	0,00	-6.053,75	42.376,25

O fondo de comercio de consolidación amortízase linealmente a razón dun 10 % anual.

Diferenzas negativas de consolidación

Non se xeraron diferenzas negativas de consolidación.

Socios externos

A composición da partida «A4) Socios Externos» do Pasivo do Balance Consolidado é a seguinte:

SOCIEDAD	CAPITAL + RESERVAS SOCIOS EXTERNOS 2020	RESULTADOS SOCIOS EXTERNOS 2020	TOTAL SOCIOS EXTERNOS 2020
INICIATIVAS ENERGÉTICAS COMBINADAS, S.L.	126.273,22	8.455,63	134.728,85
TOTAL	126.273,22	8.455,63	134.728,85

Cambios nas participacións nas sociedades do grupo

Durante o presente exercicio non se perdeu o control sobre ningunha sociedade dependente a respecto do exercicio anterior. No exercicio 2020 incorporouse ao grupo a sociedade EXIOM PLANTA III, S.L.

Negocios conxuntos

Non existen outros xuros significativos en negocios conxuntos.

Participacións en sociedades postas en equivalencia

Non existen investimentos en sociedades que deban ser integradas mediante o método de posta en equivalencia.

Inmobilizado material

Os movementos das partidas que forman a epígrafe «Inmobilizado material» no presente exercicio son os seguintes:

INMOVILIZADO MATERIAL	Terrenos y construcciones	Instalaciones técnicas, y otro inmovilizado material	Inmovilizado en curso y anticipos	Total
A) VALOR DE COSTE INICIO 2019	282.704,03	10.249.275,20	55.250,00	10.587.229,23
(+) Resto de entradas	5.108,73	1.096.089,07	17.050,00	1.118.247,80
(-) Salidas, bajas o reducciones	0,00	-58.051,56	0,00	-58.051,56
(-/+) Traspasos a / de otras partidas	0,00	0,00	0,00	0,00
B) VALOR DE COSTE FINAL 2019	287.812,76	11.287.312,71	72.300,00	11.647.425,47
C) VALOR DE COSTE INICIO 2020	287.812,76	11.287.312,71	72.300,00	11.647.425,47
(+) Resto de entradas	0,00	2.440.968,99	0,00	2.440.968,99
(-) Salidas, bajas o reducciones	0,00	-11.891,15	16.090,00	4.198,85
(-/+) Traspasos a / de otras partidas	0,00	0,00	0,00	0,00
D) VALOR DE COSTE FINAL 2020	287.812,76	13.716.390,55	88.390,00	14.092.593,31
E) AMORTIZACIÓN ACUMULADA INICIO 2019	-42.658,45	-2.079.975,58	0,00	-2.122.634,03
(+) Dotación a la amortización del ejercicio	-25.645,88	-471.529,71	0,00	-497.175,59
(+) Aumentos por adquisiciones o traspasos	0,00	0,00	0,00	0,00
(-) Disminuciones por salidas, bajas, reducciones o traspasos	0,00	29.823,68	0,00	29.823,68
F) AMORTIZACIÓN ACUMULADA FINAL 2019	-68.304,33	-2.521.681,61	0,00	-2.589.985,94
G) AMORTIZACIÓN ACUMULADA INICIO 2020	-68.304,33	-2.521.681,61	0,00	-2.589.985,94
(+) Dotación a la amortización del ejercicio	-21.970,77	-485.027,96	0,00	-506.998,73
(+) Aumentos por adquisiciones o traspasos	0,00	0,00	0,00	0,00
(-) Disminuciones por salidas, bajas, reducciones o traspasos	0,00	11.891,15	0,00	11.891,15
H) AMORTIZACIÓN ACUMULADA FINAL 2020	-90.275,10	-2.994.818,42	0,00	-3.085.093,52
I) CORRECCIÓN DE VALOR POR DETERIORO INICIO 2019	0,00	0,00	0,00	0,00
J) CORRECCIÓN DE VALOR POR DETERIORO FINAL 2019	0,00	0,00	0,00	0,00
K) CORRECCIÓN DE VALOR POR DETERIORO INICIO 2020	0,00	0,00	0,00	0,00
L) CORRECCIÓN DE VALOR POR DETERIORO FINAL 2020	0,00	0,00	0,00	0,00
VALOR NETO DEL INMOVILIZADO MATERIAL FINAL 2020	197.537,66	10.721.572,13	88.390,00	11.007.499,79

Os coeficientes e métodos de amortización que son utilizados polo grupo para cada tipo de elemento son os seguintes:

Grupo	% Amortización
Construcións	
Instalacións técnicas	5% - 6,67% - 10% - 20%
Utensilios	25%
Mobiliario	15%
Equipos informáticos	25%
Outro inmovilizado	10%

Outra información do inmovilizado material

Non se produciron cambios de estimación que afecten a valores residuais, vidas útiles e métodos de amortización en relación co exercicio anterior.

Non existen cambios de estimación en referencia aos valores residuais dos elementos do inmovilizado.

Non se realizaron correccións valorativas por deterioración.

Non existen compromisos firmes de compra ou venda a respecto de elementos do inmovilizado material.

Existen elementos do inmovilizado material totalmente amortizados e en uso por valor de 4,9 miles de euros (9,5 miles de euros no exercicio anterior).

Non se realizaron operacións de revalorización ou actualización sobre elementos do inmovilizado material no presente exercicio.

Investimentos inmobiliarios

Non existen investimentos inmobiliarios rexistrados no balance de situación consolidado do Grupo.

Inmovilizado intanxíbel

Os movementos das partidas que forman a epígrafe «Inmovilizado intanxíbel» no presente exercicio son os seguintes:

INMOVILIZADO INTANGIBLE	Fondo de comercio de consolidación	Aplicaciones Informáticas	Otro inmovilizado Intangible	TOTAL
A) SALDO INICIAL BRUTO 2019	60.537,50	138.588,18	0,00	199.125,68
(+) Resto de entradas	0,00	7.500,00	0,00	7.500,00
(-) Salidas, bajas o reducciones	0,00	0,00	0,00	0,00
(-/+ Traspasos a / de otras partidas	0,00	0,00	0,00	0,00
B) SALDO FINAL BRUTO 2019	60.537,50	146.088,18	0,00	206.625,68
C) SALDO INICIAL BRUTO 2020	60.537,50	146.088,18	0,00	206.625,68
(+) Resto de entradas	0,00	69.511,91	0,00	69.511,91
(-) Salidas, bajas o reducciones	0,00	-49.269,26	0,00	-49.269,26
(-/+ Traspasos a / de otras partidas	0,00	0,00	0,00	0,00
D) SALDO FINAL BRUTO 2020	60.537,50	166.330,83	0,00	226.868,33
D) AMORTIZACIÓN ACUMULADA INICIAL 2019	-6.053,75	-91.837,66	0,00	-97.891,41
(+) Dotación a la amortización del ejercicio	-6.053,75	-27.659,91	0,00	-33.713,66
(+) Aumentos por adquisiciones o traspasos	0,00	0,00	0,00	0,00
(-) Dismin. por salidas, bajas, reducciones o traspasos	0,00	0,00	0,00	0,00
F) AMORTIZACIÓN ACUMULADA FINAL 2019	-12.107,50	-119.497,57	0,00	-131.605,07
G) AMORTIZACIÓN ACUMULADA INICIAL 2020	-12.107,50	-119.497,57	0,00	-131.605,07
(+) Dotación a la amortización del ejercicio	-6.053,75	-27.186,75	0,00	-33.240,50
(+) Aumentos por adquisiciones o traspasos	0,00	0,00	0,00	0,00
(-) Dismin. por salidas, bajas, reducciones o traspasos	0,00	49.269,24	0,00	49.269,24
H) AMORTIZACIÓN ACUMULADA FINAL 2020	-18.161,25	-97.415,08	0,00	-115.576,33
I) CORRECCIONES DE VALOR POR DETERIORO INICIAL 2019	0,00	0,00	0,00	0,00
J) CORRECCIONES DE VALOR POR DETERIORO FINAL 2019	0,00	0,00	0,00	0,00
K) CORRECCIONES DE VALOR POR DETERIORO INICIAL 2020	0,00	0,00	0,00	0,00
L) CORRECCIONES DE VALOR POR DETERIORO FINAL 2020	0,00	0,00	0,00	0,00
VALOR NETO DEL INMOVILIZADO INTANGIBLE FINAL 2020	42.376,25	68.915,75	0,00	111.292,00

Existen elementos totalmente amortizados e en uso dentro do inmovilizado intanxíbel por importe de 16 mil euros (32,1 miles de euros no exercicio anterior).

Os coeficientes e métodos de amortización que utilizados pola sociedade para cada tipo de elemento son os seguintes:

	% Amortización
Aplicaciones informáticas	25%
Fondo de comercio de consolidación	10%

Non se produciron cambios de estimación que afecten aos valores residuais dos elementos do inmovilizado inmaterial.

Non foi preciso realizar correccións valorativas por deterioración.

Non existen compromisos firmes de compra ou de venda sobre os elementos do inmovilizado intanxíbel.

Non existen outras circunstancias de carácter substantivo que deban detallarse en relación cos elementos do inmovilizado inmaterial.

Arrendamentos e outras operacións semellantes

As diferentes sociedades do grupo non figuran como arrendadoras ou arrendatarias en contratos de arrendamento financeiro.

A sociedade dominante do grupo, SOM ENERGIA, SCCL, figura como beneficiaria nun contrato de cesión de uso das instalacións onde se atopan situadas as súas oficinas administrativas.

No exercicio 2020 satisfíxéronse un total de 72,9 miles de euros por este concepto (99,5 miles de euros no exercicio anterior). Non existen outros contratos de alugueiro non cancelábeis.

Instrumentos financeiros

Consideracións xerais

A información dos instrumentos financeiros definirase segundo a súa natureza e en base ao rexistro e a norma de valoración novena do Plan Xeral Contábel.

Incidencia dos instrumentos financeiros na situación financeira e os resultados da sociedade

Activos financeiros a longo prazo (exceptuando os investimentos patrimoniais en empresas do grupo ou asociadas)

A) Activos financeiros a longo prazo	Ejercicio 2020	Ejercicio 2019	Ejercicio 2020	Ejercicio 2019	Ejercicio 2020	Ejercicio 2019	Ejercicio 2020	Ejercicio 2019
	Instrumentos de patrimonio	Instrumentos de patrimonio	Valores repres. de deuda	Valores repres. de deuda	Créditos, Derivados y Otros	Créditos, Derivados y Otros	TOTAL	TOTAL
Activos a valor razonable con cambios en PyG	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Activos a valor de coste	378.044,34	357.489,31	0,00	0,00	0,00	0,00	378.044,34	357.489,31
Inversiones mantenidas hasta el vencimiento	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Préstamos y partidas a cobrar:	0,00	0,00	0,00	0,00	1.581.025,02	1.815.894,23	1.581.025,02	1.815.894,23
- Imposiciones a plazo	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
- Fianzas y depósitos a recuperar	0,00	0,00	0,00	0,00	1.581.001,00	1.811.619,18	1.581.001,00	1.811.619,18
- Créditos a empresas	0,00	0,00	0,00	0,00	24,02	4.275,05	24,02	4.275,05
- Otros	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Activos disponibles para la venta	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Derivados	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	401.383,00	0,00	401.383,00
TOTAL ACTIVOS FINANCIEROS A LARGO PLAZO	378.044,34	357.489,31	0,00	0,00	1.581.025,02	2.217.277,23	1.959.069,36	2.574.766,54

Inclúense dentro dos activos financeiros a longo prazo do exercicio 2020 e 2019 un total de 1'1 millóns de euros, correspondentes á garantía depositada no exercicio 2019 a favor da sociedade

Unión Electro Industrial, SL (sociedade que forma parte do grupo de cooperativas Enercoop de Crivillente) e con quen se realiza a compra de enerxía eléctrica no mercado.

Este importe serve para compensar as garantías que Unión Electro Industrial, SL debe depositar no mercado, derivadas das compras de Som Energia, e que doutro xeito debería ser depositada directamente por parte de Som Energia no mercado (OMIE-MEFF).

Activos Financeiros a curto prazo (exceptuando os investimentos patrimoniais en empresas do grupo ou asociadas)

b) Activos financeiros a corto plazo	Ejercicio 2020	Ejercicio 2019	Ejercicio 2020	Ejercicio 2019	Ejercicio 2020	Ejercicio 2019	Ejercicio 2020	Ejercicio 2019
	Instrumentos de patrimonio	Instrumentos de patrimonio	Valores repres. de deuda	Valores repres. de deuda	Creditos, Derivados y Otros	Creditos, Derivados y Otros	TOTAL	TOTAL
Activos a valor razonable con cambios en PyG	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Inversiones mantenidas hasta el vencimiento	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Préstamos y partidas a cobrar	0,00	0,00	0,00	0,00	224.000,00	417.215,95	224.000,00	417.215,95
- Imposiciones a plazo	0,00	0,00	0,00	0,00	170.000,00	175.000,00	170.000,00	175.000,00
- Fianzas y depósitos a recuperar	0,00	0,00	0,00	0,00	54.000,00	54.000,00	54.000,00	54.000,00
- Otros	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	188.215,95	0,00	188.215,95
Activos disponibles para la venta	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Cientes comerciales	0,00	0,00	0,00	0,00	4.523.967,58	4.920.201,69	4.523.967,58	4.920.201,69
Otros deudores	0,00	0,00	0,00	0,00	978,46	3.335,02	978,46	3.335,02
Efectivo y otros activos líquidos equivalentes	0,00	0,00	0,00	0,00	15.202.143,37	6.607.910,95	15.202.143,37	6.607.910,95
Derivados	0,00	0,00	0,00	0,00	1.472.054,29	3.191.791,13	1.472.054,29	3.191.791,13
TOTAL ACTIVOS FINANCIEROS A CORTO PLAZO	0,00	0,00	0,00	0,00	21.423.143,70	15.140.454,74	21.423.143,70	15.140.454,74

Total activos financeiros (exceptuando os investimentos patrimoniais en empresas do grupo ou asociadas)

CONCEPTO	Ejercicio 2020	Ejercicio 2019	Ejercicio 2020	Ejercicio 2019	Ejercicio 2020	Ejercicio 2019	Ejercicio 2020	Ejercicio 2019
	Instrumentos de patrimonio	Instrumentos de patrimonio	Valores repres. de deuda	Valores repres. de deuda	Creditos, Derivados y Otros	Creditos, Derivados y Otros	TOTAL	TOTAL
TOTAL ACTIVOS FINANCIEROS A LARGO PLAZO	378.044,34	357.489,31	0,00	0,00	1.581.025,02	2.217.277,23	1.959.069,36	2.574.766,54
TOTAL ACTIVOS FINANCIEROS A CORTO PLAZO	0,00	0,00	0,00	0,00	21.423.143,70	15.140.454,74	21.423.143,70	15.140.454,74
TOTAL INSTRUMENTOS FINANCIEROS DE ACTIVO	378.044,34	357.489,31	0,00	0,00	23.004.168,72	17.357.731,97	23.382.213,06	17.715.221,28

Pasivos Financeiros a Longo Prazo

c) Pasivos financeiros a longo prazo	Ejercicio 2020	Ejercicio 2019	Ejercicio 2020	Ejercicio 2019	Ejercicio 2020	Ejercicio 2019	Ejercicio 2020	Ejercicio 2019
	Deudas con entidades de crédito	Deudas con entidades de crédito	Obligaciones y otros valores negociables	Obligaciones y otros valores negociables	Créditos, Derivados y otros	Créditos, Derivados y otros	TOTAL	TOTAL
Debitos y partidas a pagar	0,00	0,00	0,00	0,00	6.153.979,50	5.586.971,79	6.153.979,50	5.586.971,79
- Deudas transformables en subvenciones y otros	0,00	0,00	0,00	0,00	199.950,04	43.543,79	199.950,04	43.543,79
- Deudas con socios. Aportaciones Voluntarias	0,00	0,00	0,00	0,00	1.350.000,00	1.350.000,00	1.350.000,00	1.350.000,00
- Deudas con socios. Títulos participativos	0,00	0,00	0,00	0,00	412.500,00	412.500,00	412.500,00	412.500,00
- Deudas con socios. Generation kWh	0,00	0,00	0,00	0,00	4.091.529,46	3.780.928,00	4.091.529,46	3.780.928,00
- Fianzas y depósitos a devolver	0,00	0,00	0,00	0,00	100.000,00	0,00	100.000,00	0,00
Pasivos a valor razonable con cambios en PyG	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Deudas con bancos y cajas de ahorro	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Deudas por arrendamiento financiero	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Deudas con empresas del grupo y asociadas	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Obligaciones y otros valores negociables	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Derivados de cobertura	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
TOTAL PASIVOS FINANCIEROS A LARGO PLAZO	0,00	0,00	0,00	0,00	6.153.979,50	5.586.971,79	6.153.979,50	5.586.971,79

Pasivos Financeiros a Curto Prazo

d) Pasivos financeiros a curto prazo	Ejercicio 2020	Ejercicio 2019	Ejercicio 2020	Ejercicio 2019	Ejercicio 2020	Ejercicio 2019	Ejercicio 2020	Ejercicio 2019
	Deudas con entidades de crédito	Deudas con entidades de crédito	Obligaciones y otros valores negociables	Obligaciones y otros valores negociables	Créditos, Derivados y otros	Créditos, Derivados y otros	TOTAL	TOTAL
Debitos y partidas a pagar	0,00	0,00	0,00	0,00	38.092,70	9.379,33	38.092,70	9.379,33
- Deudas transformables en subvenciones	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
- Deudas con terceros	0,00	0,00	0,00	0,00	23.250,24	9.379,33	23.250,24	9.379,33
- Fianzas y depósitos a retomar	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
- Otros	0,00	0,00	0,00	0,00	14.842,46	0,00	14.842,46	0,00
Pasivos a valor razonable con cambios en PyG	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Deudas con bancos y cajas de ahorro	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Deudas por arrendamiento financiero	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Deudas con empresas del grupo y asociadas	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Obligaciones y otros valores negociables	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Derivados de cobertura	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Proveedores comerciales	0,00	0,00	0,00	0,00	2.839.442,74	3.467.968,20	2.839.442,74	3.467.968,20
Acreedores comerciales	0,00	0,00	0,00	0,00	1.796.149,97	194.084,94	1.796.149,97	194.084,94
Deudas con el personal	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Anticipo a clientes	0,00	0,00	0,00	0,00	53.053,82	53.053,51	53.053,82	53.053,51
TOTAL PASIVOS FINANCIEROS A CURTO PLAZO	0,00	0,00	0,00	0,00	4.726.739,23	3.724.485,98	4.726.739,23	3.724.485,98

Total pasivos financeiros

CONCEPTO	Ejercicio 2020	Ejercicio 2019	Ejercicio 2020	Ejercicio 2019	Ejercicio 2020	Ejercicio 2019	Ejercicio 2020	Ejercicio 2019
